



Concello de Ribeira de Piquín

BANDO

AXUDAS A TRABALLADORES E EMPRESAS AFECTADAS POLOS ERTE OU REDUCIÓNS DE XORNADA

O mércores día 01 de xullo de 2020 saíu publicada no DOG a orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria sobre as axudas para paliar a situación económica e compensar a perda do poder adquisitivo das persoas traballadoras afectadas polos ERTE ou redución da xornada, así como axudar as empresas afectadas na compensación dos custos que supoña a formación das persoas traballadoras afectadas polos ERTE.

BENEFICIARIOS

- **Persoas traballadoras que cumpran os seguintes requisitos:**
 - Que estean afectadas por un ou varios expedientes de regulación temporal de emprego de suspensión de contratos ou redución de xornada por causas económicas, técnicas, organizativas e/ou de produción.
 - Que as suspensións de contratos de traballo ou reducións da xornada se fixesen efectivas entre o 1 de xullo de 2020 e o 31 de outubro de 2020 (ambos inclusive), agás o suposto establecido no artigo 9.1 da orde, en que se permitirá ata o 10 de novembro de 2020.
 - Que os ingresos brutos mensuais das persoas traballadoras, excluída a parte proporcional das pagas extraordinarias, non superen 2.500 euros, ou a cantidade proporcional nos supostos de persoas traballadoras vinculadas á empresa por contrato de traballo a tempo parcial.
 - Que, no caso de ERTE de suspensión, teña unha duración de, polo menos, 25 días dentro do período subvencionable. Nos supostos de ERTE de redución de xornada a duración mínima para poder acceder á axuda será o equivalente a 25 xornadas completas dentro do referido período subvencionable. A duración máxima será de 180 xornadas de suspensión/redución dentro do período subvencionable por persoa traballadora.
- **Empresas que contén con persoas traballadoras afectadas por ERTE** de suspensión de contratos ou redución de xornada que cumpran os requisitos establecidos no punto anterior, para compensar os custos derivados da formación do dito persoal.

CONTÍA DA AXUDA

- **Persoas traballadoras afectadas polos ERTE:** a contía fíxase entre 12 ou 15 euros por cada xornada completa de suspensión/redución de contratos, reducirase proporcionalmente no caso de contratos a tempo parcial.
- **Empresas:** a contía fíxase entre 7,50 e 9 euros/hora segundo o nivel de formación sexa básico ou medio-superior respectivamente.

PRAZO DE SOLICITUDES:

O prazo para a presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación da presente orde no DOG, e **permanecerá aberto ata o 31 de outubro de 2020**, agás no suposto que non finalizase o período completo de suspensión acordado no expediente de regulación temporal de emprego nesa data, en que se permitirá ata o 10 de novembro de 2020.

Para calquera información contactar co Técnico de Emprego no Concello de Ribeira de Piquín, que estará á súa disposición os xoves e os venres de 9:00 a 14:00 horas.

Ribeira de Piquín, 10 de xullo de 2020.

O Alcalde.

Asdo.- Roberto Fernández Rico

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

